

RESPOSTA REQUIRIMENTO INFORME AUDITORÍA CON NOTAS DE EXCEPCIÓNS

S/REX. Correo de 03/02/2026

S/ASUNTO: Informe Auditoría de Contas 2024

D. Marcos Casal Grajal, con DNI **36147411J**, como **Presidente** da **Federación Galega de Deporte Adaptado**, con NIF **G27816271**, e en relación co seu documento asinado dixitalmente con **CVE Xu40FrkDCj30** recibido con data 03/02/2026 onde comunican que **debemos informar á Secretaría Xeral para o Deporte das correccións e medidas adoptadas sobre os resultados da auditoría**

MANIFESTO

1. **QUE** as citadas contas de 2024 foron aprobadas en Asemblea e auditadas expresando en tódolos aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira, tal como recollen os propios Auditores no seu informe.
2. **QUE** a Auditoría está publicada, polo que son coñecidas as correccións e permiten a terceiros estudar a realidade das contas de 2024.
3. **QUE** respecto ás “consideracións a salvo” (salvedades) sinaladas no seu escrito sobre o apartado das existencias, nós non temos dúbidas do noso correcto tratamento contable.

Entendemos que a Auditoría tampouco mostra información negativa sobre este aspecto.

Sobre a indicación de falta de información de transaccións coas múltiples federacións españolas e tendo en conta que cada entidade ten os seus propios calendarios, manifestamos que na nosa contabilidade hai documentación dabondo que xustifican cada un dos movementos e fondos aplicados, polo que para futuros exercicios como 2025 procuraremos estender e envorcar innecesariamente esa información, hoxe presentada de forma resumida, nas Contas Anuais.

Sobre a indicación da falta de información da remuneración da Secretaria da Federación, rexeitamos tal afirmación:

1. Por unha banda, a Secretaria non recibe remuneración polo seu cargo, como xa lle fixemos notar ó Auditor. Polo tanto non pode haber falta de información deste punto.
2. Por outra banda, as remuneracións do persoal da Federación (auxiliar administrativa incluída) están convenientemente informadas nas Contas Anuais.

A máis, a outra corrección deste punto, por terceiro ano consecutivo, ten que realizala a Xunta de Galicia segundo indica o propio Auditor, xa que a imposibilidade para realizar

a verificación física das existencia iniciais se debe a que a súa contratación pola Xunta de Galicia é posterior ó 31 de decembro de 2024.

4. **QUE** as recomendacións recollidas serán consideradas para mellorar as contas anuais de 2025.

E para que así conste, asino e presento este documento
en Vigo a mércores, 4 de febreiro de 2026

Marcos Casal Grajal
Presidente

A/A
Modesto Rouco Vilar
XEFE DO SERVIZO DE FOMENTO E XESTIÓN DEPORTIVA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
XUNTA DE GALICIA